



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

galicia

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A COMUNIDADE CISTERCIENSE DO DIVINO SALVADOR DE FERREIRA DE PANTÓN PARA A ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO PARA O HOSPEDAXE NO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE FERREIRA DE PANTÓN

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Comunidade Cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade Cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón para a adquisición de mobiliario para o hospedaxe no Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Xacobeo 2021





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

galicia

**Segundo.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma que ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

**Terceiro.-** Que o mosteiro cisterciense de Santa María de Ferreira de Pantón conta desde o ano 1975 (Decreto 2495/1975 do Ministerio de Educación e Ciencia do 23/08/1975) coa declaración de ben de interese cultural (BIC) coa categoría de monumento.

O mosteiro de Ferreira de Pantón é o único en Galicia que desde a súa fundación segue cumprindo como cenobio feminino. De orixe bieito, acóllese á reforma do cister.

En canto a súa arquitectura o elemento máis sobresaínte é a igrexa do século XII, dunha única nave con cabeceira de dous tramos, sendo o posterior semicircular. A nave cóbrese con artesoado de madeira a excepción da cabeceira onde a cubrición se realiza con bóveda de medio canón rematada en cuarto de esfera no presbiterio e na capela maior. Este último ten como particularidade que está reforzado por nervios que converxen ao centro do arco divisorio dos dous tramos da ábsida. Neste espazo destaca a profusa decoración, vinculada ao facer de Cluny, sendo os capiteis do arco



**Xacobeo 2021**





triumfal en pedra calcaria e os arcosolios apuntados, onde a finais do século XV se colocaron os sepulcros de Diego de Lemos e Lope de Lemos.

A partir do século XVI iníciase a reforma do resto do dormitorio monacal, polo que se poden establecer varias fases como o claustro renacentista ou a muralla de peche onde está representado o brasón da Congregación cisterciense, datado no século XVIII.

O 8 de outubro de 2018 asinouse un convenio coa Consellería de Cultura e Turismo e a Comunidade Cisterciense co obxecto de levar a cabo a restauración, posta en valor, conservación e mantemento e rehabilitación da antiga hospedaría, casa do capelán, torre barroca e da planta baixa da ala leste do mosteiro. A finalidade é darlle un uso de hospedaxe a estes espazos que na actualidade están en desuso. No seu caso, dada a singularidade dos espazos de acceso resultantes na proposta deseñada, poderanse destinar tamén a tarefas divulgativas no ámbito da Ribeira Sacra.

Nas citadas dependencias habilitadas poñerase en funcionamento un hospedaxe monástico para reflexión e oración, na ruta do Camiño de Inverno.

**Cuarto.-** Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.

O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento





- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

Para o desenvolvemento da presente Estratexia de Turismo 2020 non debemos de esquecer que en relación ao Camiño de Santiago este conta co seu propio Plan Director, polo que non cabe realizar novas aportacións estratéxicas e tan só se amosa un resumo dos seus principais contidos coa finalidade de non perder a visión global do sistema turístico galego.

O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021 supón unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo.

Na Liña estratéxica 7. .Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, atópase o plan de actuación 7.1. Xestión integrada da rede pública de albergues e mellora das súas infraestruturas, na que se inclúe a medida 7.1.5: Impulso á creación de novos albergues en zonas onde non existe un equipamento aloxativo público e hai unha deficiente oferta de albergues privados:

-Camiño do Sueste-Vía da Prata: Tramos de confluencia das dúas variantes antes de Ourense.

-Camiño Inglés: etapa dende Bruma-Mesía a Santiago e valoración da posibilidade de albergues nas cidades de Ferrol e A Coruña.

-Camiño do Norte.

-Camiño do Inverno.

Que a través deste convenio, outórgase á Comunidade Cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social,





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO



económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



**Xacobeo 2021**

